

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **14 de marzo de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Jorge Pumar Tesouro DEPUTADOS/AS: D. ^a Montserrat Lama Novoa D. ^a Consuelo Vispo Seara D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a María Teresa Cerdeira Valiñas D. ^a Isabel Gil Álvarez D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez D. Adolfo González Nóvoa D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTOR: D. José Mosquera Casero	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 14 de marzo de 2018 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de don Jorge Pumar Tesouro e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, réunese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
--	--

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 14 DE FEBREIRO DE 2018.- En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 14 de febreiro de 2018, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- RATIFICACIÓN DO CAMBIO DE DATA DE CELEBRACIÓN DO PLENO ORDINARIO DO MES DE MARZO.-

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Ratificar o cambio de data da sesión ordinaria do Pleno do mes de marzo de 2018, prestando conformidade á súa celebración o venres, 23 de marzo de 2018.

3º.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DAS CONDENAS A ALCALDES DO PARTIDO POPULAR.-

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, explica o contido da moción.

D. Adolfo González Novoa, do Grupo Socialista, anuncia a reserva de voto do seu grupo, sobre todo tendo en conta o punto segundo da proposta.

Non se producen máis intervencións e ao obter o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourensana (1), non se ditamina favorablemente o acordo proposto na moción.

4º.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DA MELLORA DO PAZO PROVINCIAL.-

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, explica o contido da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, pregúntalle ao portavoz do BNG se o seu grupo considerou a posibilidade de facer medicións sobre o gas radon no Pazo Provincial.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, di que neste momento non pode dar resposta a esa pregunta.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourensana, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Que a Deputación estude a proposta efectuada polo servizo de arquitectura de marzo de 2012, para os efectivos de viabilizala e levala a cabo, acometendo as reformas propostas.

5º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, di que aos traballadores que fixeron folga o pasado día 8 de marzo se lles descontaron as súas retribucións, e pregunta se se adoptou a mesma medida respecto aos deputados con dedicación.

Formula tamén unha pregunta en relación coa empresa que leva os temas de seguridade do Pazo Provincial e na exposición dos suevos, e á vista da situación que transcendeu nos medios de comunicación de supostas irregularidades imputadas á dita empresa pregunta se o goberno provincial vai tomar algunha medida ao respecto.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, pregunta en que situación se encontra o programa de cooperación cos concellos para a implantación da e-administración, e en concreto cantos concellos se adheriron e cantos se deron de baixa no programa e que previsión hai para a súa implantación.

O **Sr. secretario da comisión**, como responsable do proxecto, informa que no momento actual hai 13 concellos adheridos ao programa, máis 4 que solicitaron a súa adhesión e teñen pendente achegar algunha documentación, sendo esa a situación actual. Desde que se aprobou o programa houbo determinados concellos que se deron de baixa e outros que se deron de alta posteriormente, pero a situación actual corresponde aos datos que se facilitaron. Con respecto á data de implantación, está previsto realizar a primeira reunión de traballo cos concellos adheridos o próximo día 5 de abril de 2018, indicando que o retraso na posta en marcha do programa responde á necesidade de elaborar previamente un cadro de clasificación arquivística para os concellos, que é o que demorou a execución do proxecto.

E, ás 17.20 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.